Lola creceu no campo mais desde pequena quixo ser actriz. Cando cumpriu 25 anos marchou a Madrid para cumprir o seu soño, xa que no campo tampouco había traballo.

Alí coñeceu un arquitecto que traballaba na construción do Palacio de Cristal de Madrid. Os dous formaron unha familia, Lola rodou 5 películas e puido cumprir o seu soño.

13. A historia de Lola marabillou os compañeiros da clase de Ariadna. Nuria explicoulles que a industrialización en España só se desenvolveu nalgunhas partes e que na maioría do país dominaba o sistema agrícola tradicional:

siderúrxica - téxtil - nobreza - burguesía industrial - burguesía agraria

En Cataluña desenvolveuse a industria têxtil e no País Vasco iniciouse unha industria siderúrxica. No campo ascendeu unha burguesía agrária e nas zonas industriais consolidouse unha burguesía industrial. Pero en España continuaba tendo moito poder a nobreza que era propietaria de grandes latifundios e acumulaba as maiores fortunas.

14. Nuria traballa na clase o Palacio de Cristal e pregunta que novos materiais e técnicas que xerou a industrialización aproveitaron os artistas:

Os novos materiais e técnicas foron: (ferro, aceiro e vidro) producidos industrialmente permitíronlles a novos profesionais, os enxeñeiros, a súa utilización na construción.

15. Lola marchou a Madrid porque no campo non había traballo. Nuria explícalles que:


A No século XIX a poboación aumentou e pasou de 11,5 a 35,5 millóns de habitantes.

B Madrid e Barcelona triplicaron a súa poboación superando os 5 millóns de habitantes.

C No século XIX a poboación creceu, mais aínda dependía dunha agricultura atrasada.

D No século XIX a poboación non aumentou porque dependía dunha agricultura atrasada.

16. Identifica os elementos da cidade industrial:



- 1 Barrio industrial
- 2 Centro urbano
- 3 Barco de vapor
- 4 Ponte de ferro
- 5 Fábrica
- 6 Cheminea industrial
- 7 Barca para o transporte de mercadorías
- 8 Vivenda obreira
- 9 Locomotora

17. Sitúa as características no grupo social que consideres máis oportuno:

rico - propietario - sindicatos - traballador - pobre – tempo de lecer

burguesía: rico, propietario, tempo de lecer.

obreiros: sindicatos, traballador, pobre.

18. Di se estas afirmacións son verdadeiras (V) ou falsas (F):

V A enerxía do vapor aplucouse a novos medios de transporte como o ferrocarril e o barco.

V Os sindicatos eran unhas organizacións obreiras que reclamaban melloras laborais.

F Os menores empezaban a traballar nas fábricas aos 12 anos e non había escolas.

F A industrialización española produciuse de forma rápida e por todo o país.

NOVAS TAREFAS

LENGUA: Comprensión lectora

El laberinto de Kratón

En lo más profundo de la gran montaña, en un gran laberinto de túneles creado por los grandes magos, vivía encerrada la peor de las fieras, una bestia horrible a quien todos conocían por el nombre de Kratón.

Había sido encerrado allí tras aterrorizar a todos los pueblos, en un laberinto mágico con una única entrada y salida que cambiaba de lugar cada día.

Pero ocurrió que llegó a aquellas tierras un hombre de corazón malvado, perverso hasta el extremo, cuyo único deseo era someter a todos los hombres del reino.

Se llamaba Jafa, y tanta prisa sentía por cumplir sus deseos, que al enterarse de la existencia de Kratón, pensó en liberarlo para que le ayudara a completar sus planes, por muy peligroso que fuera el monstruo.



Así, Jafa marchó hacia la montaña con todos sus sirvientes. Eran tantos y tan temerosos de su amo, que no tardaron en encontrar la entrada del laberinto.

Uno de sus esclavos, gran sabio, ideó la forma de mostrarle la salida cada día, desde fuera, una vez que el hombre estuviera en el interior de la montaña.

–Sólo una cosa más, mi señor –dijo el esclavo tras explicarle el sistema–. Cuando vayáis a salir del laberinto, debéis esperar a que sea de noche. Por nada del mundo salgáis a plena luz del día...

Y sin querer escuchar más, Jafa se introdujo en el laberinto. A gritos, en medio de una gran oscuridad, comenzó a llamar al monstruo, explicándole sus intenciones. Él le sacaría del laberinto si a cambio Kratón permanecía a su servicio, aterrorizando al pueblo, durante al menos diez años.

El monstruo, también a gritos, estuvo de acuerdo con la oferta del malvado, pues sólo quería salir de allí para vengarse.



Cuando tras varios días se encontraron en medio de la más negra oscuridad, celebraron su terrible pacto. Y siguiendo el sistema que Jafa había acordado con su esclavo, no tardaron en encontrar la salida.

Al acercarse, la brillante luz del sol asomaba a la entrada del laberinto, y Jafa recordó las palabras del esclavo. Lleno de impaciencia, el malvado se sentó a esperar, pero la bestia, viéndose libre, no quiso ni oír hablar de más esperas, y olvidándose del pacto, salió corriendo del laberinto.

Desde dentro, Jafa oyó los terribles gemidos de dolor de Kratón. Sentía un gran miedo, pero también la necesidad de salir a ver lo ocurrido con su bestia. Y aunque seguía recordando las palabras de su esclavo, decidió salir.

Nada más asomar su rostro Jafa, la luz del sol y la de otros mil espejos dispuestos por el sabio esclavo para iluminar aquel punto atravesaron sus ojos.

Sus ojos, indefensos por la oscuridad en la que habían vivido durante días, se quemaron al instante, dejando ciego de por vida al impaciente Jafa, como poco antes había ocurrido con Kratón.

Y así, ambos malvados, ciegos, torpes e impacientes, ni siquiera pudieron ver cómo fracasaban sus planes, quedando para siempre castigados a una vida de oscuridad, junto a las demás criaturas de la noche.



Pedro Pablo SACRISTÁN

1. ¿Dónde estaba el gran laberinto de túneles?

- A En un jardín.
- B En la cima de una montaña.
- C En el interior de una montaña.
- D Dentro de la cueva en la que vivía el monstruo.

2. Selecciona las frases que sean ciertas respecto a la historia:

| | |
|---|--|
| Kratón es el nombre del laberinto. | |
| Jafa era más listo que Kratón y se salvó. | |
| Quien le dio a Jafa la solución para salir fue su sabio esclavo. | |
| Los dos protagonistas de la lectura se quedan ciegos por el sol. | |
| El trato era que Jafa sacaría a Kratón del laberinto si se quedaba diez años a su servicio. | |

3. Indica qué comportamientos pertenecen a Jafa (J) y cuáles a Kratón (K):

Dominante.

Horrible.

Malvado.

Terrorífico.

4. ¿Cuál es el personaje de la historia que habla en forma directa?

- A Jafa.
- B Kratón.
- C El sabio esclavo.
- D Las gentes del pueblo.

5. Escribe otro breve final para esta historia:

.....

.....

6. Ordena según los acontecimientos de la historia:

- Jafa oyó los terribles gemidos de dolor de Kratón.
- Jafa quiere aliarse con el monstruo del laberinto.
- Jafa y el monstruo pierden la vista por impacientes.
- Kratón es encerrado en un laberinto mágico con una sola entrada.

LINGUA: Comprensión lectora

LINGUA 6

Nome:

Curso:

As alcachofas

Que hortaliza pode superar en prestixio culinario a alcachofa? Convén, porén, non ser avaro no seu uso, nin levala ao lume ou mesturala con mollos sen librala das partes fibrosas que adoita presentar no exterior do tronco, as follas exteriores e as puntas de case todas as interiores.

Alcachofa é, antes que nada, tenrura. Un descoido, unha perplexidade en non quitarlle toda clase de fiadas é facerlle dano a esta delicada tenrura apuñalada por un pequeno estropallo. Para non poucas formas de cociñalas, fai falta tamén pegarllas unha boa puñada para que se abran. Cocidas con mollos, rebozadas, ao forno, fritas simplemente ou formando parte de guisos e menestras, as alcachofas teñen unha presenza ampla e constante en moitas cociñas europeas. Produto tradicional e exquisito dos nosos hortos, para nós tamén son un elemento tradicional. Mais deamos unhas cantas receitas orientadoras.



Ingredientes:

1 kg de alcachofas
aceite, sal, allo picado,
pan relado (optativo)
limón, auga, viño
branco
180 g de manteiga
pementa negra

ALCACHOFAS AO FORNO (para 4 persoas)

Elaboración:

Os cadernos de cociña casera conteñen variadísimas fórmulas:

Desde as máis elementais en láminas simplemente –se son tenras– limpas de durezas, golpeadas e cortadas polo medio, con aceite e sal (un pouco de allo picado e un chisco de pan relado (optativo), ata as máis complexas, fregadas con zume de limón despois de cortalas, cocidas previamente con auga fervendo (sal e zume de limón), colocadas –sen escorrelas– nun prato refractario onde xa teñamos viño branco e un dado de manteiga, adubada cada media alcachofa cun pouco de pan relado, unha liña de aceite, un pouco de perexil esmagado e un chisco de pementa negra.

E as máis complexas aínda, con bechamel e recheas de xamón cocido esmagado, enteiras, cocidas fervendo previamente, postas no forno cubertas pola bechamel e polvoriñadas de queixo relado para gratinalas ben.



ALCACHOFAS AO VINAGRE (para 4 persoas)

Ingredientes:

¾ de kg de alcachofas limpas, golpeadas e enteiras
4 culleradas grandes de aceite
4 allos, vinagre, perexil,
1 miga de pan
unha cunca de auga
pementa negre en po, sal

Elaboración:

Esmagando todos os ingredientes agás as alcachofas no morteiro faremos unha pasta cremosa cos catro allos pelados e un pouco de sal, o perexil ben cortado e a miga de pan remollada en vinagre.

Abriremos ben e delicadamente as alcachofas –sen tronxo, porque deben ir plantadas boca arriba na pota– e cunha culler irémolas enchendo coa crema do morteiro.

Nunha pota plana porémolas plantadas, con aceite, auga, un pouco de sal e pementa negra.

Cando ferva uns cantos minutos, rectificarase de sal e auga, así como de vinagre, ao gusto. O guiso debe quedar zumento.

1. Que explica o texto? Marca a opción máis exacta:

- A Explica os beneficios de comer alcachofas.
- B Explica dúas receitas de alcachofas que podemos preparar.
- C Explica as calidades das alcachofas e inclúe dúas receitas.
- D Explica as dúas receitas que podemos preparar con esta hortaliza.

2. Por que di que non se debe ser avaro na súa utilización?

- A Porque son moi caras.
- B Porque se deben sacar as partes duras que non se comen.
- C Porque dan moita fame e cada vez máis.
- D Porque non fai falta comelas no momento, podemos esperar ao día seguinte.

3. Indica as características que só saen na primeira receita:

| | |
|--|--|
| Débense golpear as alcachofas. | |
| Utilízase manteiga na súa preparación. | |
| Débense deixar as alcachofas ben limpas. | |

4. Indica as características da primeira receita (1) e as da segunda (2):

- | | |
|---|---|
| <input type="checkbox"/> A receita debe quedar zumenta. auga fervendo. | <input type="checkbox"/> Pódense pór as alcachofas en |
| <input type="checkbox"/> As alcachofas reénchense. relado. | <input type="checkbox"/> Na receita pódese poñer pan |

5. Escolle a alternativa que sexa certa:

- A É unha hortaliza con pouco prestixio culinario.
- B As partes fibrosas son o exterior do tronco e as follas interiores.
- C As partes fibrosas son o exterior do tronco e as follas exteriores.
- D As partes fibrosas son o exterior do tronco, as follas exteriores e as puntas das follas interiores.

6. Que receita che gusta máis? Cal podes preparar sen a axuda dun adulto?

.....




.....

LINGUAS: Expresión

PRÁCTICA DE LABORATORIO: SINÓNIMOS

Debes agrupar los sinónimos en los frascos correspondientes:

Recio, regodeo, súbito, recorrer, acelerado, rápido, transitar, vigoroso, circular, presuroso, marchar, hercúleo, discurrir, diversión, felicidad, alborozo, robusto, vertiginoso, fornido, júbilo.



SOCIAIS UNIDADE 7

“Do absolutismo ao liberalismo”

Estas tarefas son para a esta semana. A próxima semana farás a Autoavaliación. Distribúe o traballo que téis que facer cada día da semana (fíxate que hai 5 apartados).

PLAN DE TRABALLO:

Imos preparar este tema traballando, un a un, cada un dos seus apartados. Non téis que estudalo: Basta con que vaias facendo cada unha destas actividades (fainas por este orden).

- Le un apartado do tema (**UNIDADE 7**).
 - Recorda cómo podes acceder ao libro:
apoyo.vicensvives.com → Editorial Vicens Vives → Primaria → Galicia →
→ Aula Activa → Sociais 6º → Edubook.
- Se non téis acceso ao libro, non te preocupes: Á final deste tema vai un resumo. Pero vaiche resultar máis cómodo, se podes, facelo polo libro.
- Fai as **ACTIVIDADES** de **VOCABULARIO** dese apartado. Para iso, podes imprimir as páxinas seguintes e pegalas na libreta (se non podes imprimilas, escribe as palabras cos seus significados).
- Volve ler o mesmo apartado (agora o entenderás mellor).
- Elabora un esquema dese apartado co aprendido (na libreta).
- Comeza co seguinte apartado... Vai facendo así, un por un, todos os apartados ata rematar o tema.

1. Unha nova forma de gobernar: o liberalismo

VOCABULARIO

| | | |
|--|--------------------------|--------------|
| monarquía absoluta / absolutismo | estamentos privilexiados | burguesía |
| liberalismo | Revolución Francesa | Constitución |
| Declaración de Dereitos do Home e do Cidadán | liberdade | Ilustración |
| Igualdade | soberanía nacional | nobreza |

- Grupos sociais que gozaban do privilexio de non ter que pagar impostos. As leis facíanse para defender os seus intereses.....
- Forma de goberno na que o rei concentraba todos os poderes (lexislativo, executivo e xudicial).....
- Nova forma de pensar que defende que o pobo elixa os seus gobernantes e acabar cos privilexios dos estamentos privilexiados.....
- Clase social formada polos que teñen propiedades, os que teñen diñeiro e os donos das fábricas
- Clase social formada polas persoas que teñen títulos nobiliarios concedidos polo rei (condes, duques...).....
- Conflito que ocorreu en Francia en 1789, encabezado pola burguesía, que acabou co absolutismo e iniciou unha nova forma de gobernar (chamada liberalismo).....
- Documento que recolle os novos dereitos das persoas (liberdade, igualdade, dereito ao voto...).....
- Dereito dos seres humanos a ser libres.....
- Dereito dos cidadáns a elixir os seus gobernantes mediante o sufraxio (votando nas eleccións).....
- Dereito dos seres humanos a ser iguais ante a lei e ter os mesmos dereitos, que o Estado debe respectar.....
- Lei fundamental dun país.....
- Nova forma de gobernar que defende os dereitos das persoas e a división de poderes.....

2. A Guerra da Independencia

VOCABULARIO

| | | | |
|--------------------|-------------------------|----------|--------------|
| Napoleón Bonaparte | Imperio | liberais | Fernando VII |
| invasión | Batalla de Bailén | Xosé I | afrancesados |
| absolutistas | Guerra da Independencia | | |

- Guerra entre España e Francia (desde 1808 a 1814).....
- Militar francés que, cun poderoso exército, derrotou moitos monarcas absolutos europeos e formou un grande **Imperio**.....
- Estado que conquista parte do seu territorio mediante invasións e guerras con outros países.....
- Acción militar que consiste en que o exército dun país entra en outro país para conquistalo.....
- Rei de España cando foi invadida polo exército de Napoleón.....
- Rei de España posto por Napoleón (que era o seu irmán).....
- Primeira derrota do exército francés en España.....
- Españois que colaboraron cos franceses.....
- Partidarios da monarquía absoluta.....
- Partidarios do liberalismo.....

Aprendiz de historiador. Viva a Pepa!

- **Le este texto:**

Ante a ocupación militar francesa e o baleiro de poder en España, os patriotas organizaron unhas Xuntas para gobernar o país.

En 1810, as Xuntas reuníronse na cidade de Cádiz, a única que non fora ocupada polas tropas francesas, para redactar e aprobar a primeira Constitución española.

Aprobouse o 19 de marzo de 1812. Nela recóllense os principios básicos do liberalismo. Tamén destaca a divisón de poderes (lexislativo, executivo, xudicial).

3. O reinado de Fernando VII (1814 – 1833)

VOCABULARIO

| | | |
|-----------------|---------------------|---|
| Lei Sálica | colonias americanas | independencia |
| Trienio Liberal | | anular a Constitución e derogar as leis |

- Territorios españois en América.....
- Separación dun país de outro do que formaba parte.....
- Quitar a Constitución e as leis que había e volver ao absolutismo: o rei volve concentrar todos os poderes (lexislativo, executivo e xudicial) e desaparecen os dereitos das persoas.....
- Periodo de 3 anos de reinado liberal (Constitución, dereito a voto, división de poderes.....)
- Lei que prohibía gobernar ás mulleres.....

4. O reinado de Isabel II (1833 - 1868)

VOCABULARIO

| | | | |
|------------|-----------------|------------|---------------------|
| demócratas | guerra carlista | rexente | republicanos |
| | carlistas | isabelinos | sufraxio censitario |

- Persoa que goberna un país mentres que o rei ou raíña son menores de idade (ata que cumbran a maioría de idade).....
- Partidarios de que o rei fose o infante Carlos, irmán de Fernando VII en lugar da raíña Isabel.....
- Partidarios de que a raíña fose Isabel (filla de Fernando VII).....
- Guerra entre carlistas (absolutistas) e isabelinos (liberais), entre 1833 e 1840, que rematou co trunfo dos isabelinos.....
- Dereito ao voto só para os ricos.....
- Partidarios da democracia: que o pobo elixa os seus representantes mediante o voto (non só os ricos).....
- Partidarios da república: sistema político no que se elixe un presidente en lugar de ter un rei como xefe do estado).....

5. O camiño cara á democracia (1868 - 1902)

VOCABULARIO

| | | | |
|----------------------|---------------------|----------------------------|-------------------------|
| levantamento popular | exilio | república | gobierno provisional |
| sufraxio universal | liberdade de prensa | liberdade de manifestación | |
| guerra de Cuba | cacique | monarquía | golpe de estado militar |

- Dereito a votar de todas as persoas, sen importar se teñen máis ou menos riquezas.....
- Dereito das persoas a protestar, a manifestarse, sen que sexan detidas pola policía.....
- Rebelión contra o reinado de Isabel II.....
- Dereito dos medios de comunicación (da prensa) a informar con liberdade, sen que haxa censura.....
- Expulsión dunha persoa dun país.....
- Acción dun grupo de militares, armados, que quitan ao rei ou presidente dun país e poñen outra persoa pola forza.....
- Goberno durante un tempo, ata que se decida quen ten que ser o próximo rei ou raíña.....
- Guerra na que se perderon as últimas colonias que tiña España en América (Cuba, Puerto Rico e Filipinas).....
- Sistema político no que o xefe de estado é un rei ou raíña.....
- Sistema político no que o xefe de estado é un presidente que se elixe mediante eleccións democráticas.....
- Persoa con moito poder, que presiona aos demais para que voten ao seu candidato nas eleccións.....

Zoom Patrimonio

- O **Romanticismo** introduciu nas súas pinturas o movemento, a cor e a luz.



Los fusilamientos del 3 de mayo

Francisco de Goya

- O **Realismo** mostraba a realidade tal como se vía.



La siesta

Ramón Martí Alsina

- O **Modernismo** inspirábase na natureza e gustaba das formas curvas e retortas.



Os edificios modernistas na Coruña

- Os pintores do **Impresionismo** traballaban ao aire libre para poder captar a luz e os seus efectos.



Paseo a orillas del mar

Joaquín Sorolla

RESUME DO TEMA: Do absolutismo ao liberalismo

1. Unha nova forma de gobernar: o liberalismo

Na Idade Moderna europea impuxérase a monarquía absoluta, unha forma de goberno na que o rei concentraba todo o poder e tiña o apoio dos estamentos privilexiados (nobreza e clero).

Ao longo do século XVIII xurdiron unha serie de ideas (Ilustración) que defendían a necesidade de poñer fin aos privilexios de nobres e clero e o dereito do pobo a elixir os seus gobernantes.

As ideas da Ilustración influíron na burguesía, grupo social con educación e riquezas pero sen poder. Defenderon o liberalismo e organizáronse para acabar co absolutismo. En 1789 triunfou a Revolución Francesa. Os cidadáns franceses puxeron fin á su monarquía absoluta e iniciaron unha nova forma de gobernar baseada na Declaración de Dereitos do Home e do Cidadán, o respecto á Constitución, o dereito ao voto e a división de poderes.

Os principios básicos do liberalismo son:

- Liberdade
- Igualdade
- Constitución
- Soberanía nacional
- División de poderes.

2. Por que ocorreu... A Guerra da Independencia

Tras a Revolución Francesa, Napoleón Bonaparte gobernou en Francia e quixo impoñer en Europa os principios da rebelión. Cun poderoso exército derrotou a moitos monarcas absolutos europeos e formou un grande Imperio. En 1808 invadiu España para conquistar Portugal, destronou a Fernando VII e impuxo a Xosé I (o seu irmán) como novo rei de España.

O exército español e as guerrillas (poboación civil) enfrontáronse aos invasores franceses (Batalla de Bailén). Despois de seis anos de guerra os españois derrotaron as tropas de Napoleón que a finais de 1813 iniciaron a súa retirada. En 1814 Fernando VII regresou ao trono español.

Ante a invasión francesa, os españois adoptaron diferentes actitudes:

- Afrancesados, que colaboraron cos franceses.
- Patriotas absolutistas (eran partidarios de manter o absolutismo) e patriotas liberais (desexaban implantar o liberalismo en España).

Aprendiz de historiador@ ¡Viva a Pepa!

Ante a ocupación militar francesa e o baleiro de poder en España, os patriotas organizaron unhas Xuntas para gobernar o país. En 1810, as Xuntas reuníronse na cidade de Cádiz, a única que non fora ocupada polas tropas francesas, para redactar e aprobar a primeira Constitución española. Aprobouse o 19 de marzo de 1812.

Nela recóllense os principios básicos do liberalismo, destaca a división de poderes (lexislativo, executivo, xudicial).

3. O reinado de Fernando VII (1814-1833)

Cando Fernando VII regresou ao trono español clausurou as Cortes, anulou a Constitución e derogou as leis aprobadas en Cádiz. Foi a volta ao absolutismo. n A meirande parte de colonias americanas, que non aceptaron o retorno do absolutismo, e baixo a influencia da Revolución Francesa e da emancipación dos Estados Unidos, empezaron o proceso para conseguir a independencia. En 1824 só continuaban baixo dominio español Cuba, Porto Rico e Filipinas.

Durante o reinado de Fernando VII, os liberais intentaron impoñer as súas ideas. Pero non foi ata 1820, cando triunfou un pronunciamento liberal impulsado polo coronel Riego, que o rei aceptou a Constitución de 1812. De 1820 a 1823 deuse o Trienio Liberal. En 1823 o rei impuxo de novo o absolutismo. En 1830 o monarca anulou a Lei Sálica (que prohibía reinar as mulleres) para que a súa filla maior puidese gobernar.

4. O reinado de Isabel II (1833-1868)

Os absolutistas non aceptaron a proclamación de Isabel II e apoiaron o infante Carlos, irmán de Fernando VII, para sucederlle no trono. En 1833 estalou a primeira guerra carlista entre carlistas (partidarios do infante Carlos ou Don Carlos) e isabelinos (liberais que apoiaban á raíña Isabel). O conflito terminou en 1840 co triunfo dos liberais.

O novo goberno liberal convertiu a España nunha monarquía liberal constitucional e parlamentaria, e estableceu o sufraxio censitario. n Coa implantación do liberalismo naceron diferentes partidos políticos:

- Liberal.
- Demócrata.
- Republicano.

5. O camiño cara á democracia (1868-1902)

En 1868, tras un levantamento popular promovido por demócratas e republicanos que provocou unha revolta contra a raíña, Isabel II fuxiu ao exilio. Ao longo de seis anos (Sexenio Democrático) sucedéronse:

- Un goberno provisional (1868-1871). Impulsou reformas democráticas (sufraxio universal, liberdade de prensa e manifestación).
- Unha nova monarquía (1871-1873) co príncipe Amadeo I.
- A Primeira República (1873-1874). Na que se deu unha nova guerra carlista, unha insurrección en Cuba, a oposición dos monárquicos e as divisións entre os republicanos.
- Un golpe de Estado militar protagonizado polo Xeneral Martínez Campos en 1874 restableceu a monarquía.

En 1875 Alfonso XII é proclamado rei e restaura a monarquía. En 1885 morre e herda o trono o seu fillo Afonso XIII. En 1898, España é derrotada na guerra de Cuba e perde as últimas colonias americanas. O país entra nunha grave crise política e moral.

Durante a Restauración formáronse dous grandes partidos que pactaron alternarse no poder (quenda dinástica):

- Partido conservador. Agrupaba os máis conservadores e defendía o sufraxio censitario.
- Partido liberal. Defendía o sufraxio universal e propoñía algunhas reformas sociais.

Nesta época o sistema político non era realmente democrático porque se manipulaban as eleccións e unha serie de persoas influentes presionaban fortemente os electores para que votasen o seu candidato (caciquismo).

Zoom Patrimonio... Do Romanticismo ao Impresionismo

Na primeira metade do século XIX deuse o Romanticismo. Este movemento pictórico introduciu nos seus cadros o movemento, a cor e a luz. Os pintores querían transmitir os seus sentimentos e emocións.

A partir de 1850, o Realismo rompeu coa idealización da sociedade para amosar a realidade tal como se vía.

A finais do século apareceu o Modernismo que creou un arte nuevo, libre e moderno, que representaba unha ruptura cos estilos tradicionais dominantes na época.

O Impresionismo foi un movemento artístico que propugnaba o traballo do pintor ao aire libre para poder captar a luz e os seus efectos sobre as persoas e os obxectos.